

## Breves

► **Pazo do Monte:** A corporación aprobou por unanimidade unha moción do BNG para instar a que se tomen iniciativas, xunto con outros organismos oficiais, para iniciar negociacións cos propietarios do Pazo do Monte para desenvolver unha área medio-ambiental protexida, xunto coa beira do río Úmia.

► **PP e os IndePPendientes.** Aos Independentes vai-se-lle a man (direita) na Mancomunidade do Salnés, onde votan sempre co PP (perden-se as forzas pero non as mañas).

► **Pinchos eleitorais:** 6.121,85.- Euros son a cantidade gastada polo Concello de Ribadumia en pinchos de inauguracións previas ás eleccións. Moi cara estaba a tortilla.

► **As obras.** Algun xa se pregunta, onde van as máquinas e a xente que traballaba arreo por todas partes antes das eleccións municipais. E nós contestamos, tranquilos, quizais aparezan unhas semanas antes das vindeiras eleccións.

► **Prezo da uva:** Co único voto favorábel do Concelleiro do BNG aprobouse unha moción, para pedir-lle á Consellaría que sentara ás partes implicadas a negociar un prezo digno para a uva. Os grupos do PP e dos Independentes votaron xuntos, abstando-se. Será que hai moitos intereses bodegeiros neses grupos políticos????.

► **Os plenos.** Como os plenos son interesantes e divertidos a xente agora acode ao espectáculo, algún que outro veciño reclama máis espazo e sillas. Como siga así a cousa haberá que levar os plenos a un local máis grande e máis cómodo. Canta máis xente acuda mellor. A ver se así se remata co disque-disque.

► **O Concello CONDENADO:** Unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia obriga o Concello a indemnizar a un particular polos danos causados a raíz das obras do Polígono Industrial, que lle provocaron inundacións nos seus terreos particulares. *Cousas que pasan por facer as obras sen ningún tipo de planificación.*



**NUNCA MÁIS.** Miles e miles de galegos con **NUNCA MAIS.** Despois dun ano de sufrimentos, mentiras, caramelos subvencionados, ataques e manipulacións do PP, o espírito de **NUNCA MAIS** mantén-se nas mentes da grande maioría da xente crítica e consecuente co seu país. O día 16 en Santiago volveu rexurdir a Galiza que non se resigna nen se deixa manipular. Seguiremos loitando pola dignidade e a **RECUPERACIÓN TOTAL DO NOSO MAR. DEMISIÓN DOS RESPONSÁBEIS!!!** **NUNCA MÁIS.**

Máis información do BNG:

[www.bng-galiza.org](http://www.bng-galiza.org) \osalnes,  
E-mail: [salnes@bng-galiza.org](mailto:salnes@bng-galiza.org)

# BLOQUE

## Boletín informativo



Ribadumia, decembro 2003

DEP- LEGAL PO-200-97

Impreso postal sen enderezo

## ENTREVISTA A RAMÓN MOURIÑO, PORTAVOZ DO BNG EN RIBADÚMIA

Cando o BNG apresentou nas últimas eleccións como candidato á alcaldía a **RAMÓN MOURIÑO**, dicíamos que era un candidato honrado, traballador, dialogante e demócrata, que era unha garantía para Ribadumia. Deu unha lección do que é facer política e de que esta tamén se pode facer sen enganar, sen tapuxos, abertamente e sen presións, antepoñendo os intereses xerais por riba de calquera interés particular.



- Como valoras a nova corporación municipal? Ribadumia decidiu nas urnas que non houbera maiorías absolutas e eso provoca que haxa que instaurar unha nova dinámica. É necesario dialogar e consensuar a política municipal e é óbvio que isto lle está custando ao Partido Popular, acostumado como está a actuar co ordeno e mando. Pode-se dicir que o PP se está adaptando á democracia.

- Por que o BNG non aceptou pactar con ningún dos outros grupos?

Á hora dos pactos, valoramos que ningún dos dous grupos era compatíbel coa idea que para o Concello ten o BNG, e así, ante a posibilidade de pactar con uns ou con outros decidimos que o noso único compromiso posíbel era coa xente de Ribadumia e así o fixemos, mantendo a nosa independencia. Eu non estou no concello por contraprestacións políticas nen prebendas persoais.

O BNG exercerá a súa representación municipal coma sempre fixemos con seriedade e coherencia. Polo peso que nos outorgaron os veciños podemos garantir que, se de nós depende, non haberá abusos de poder nen desgoverno no Concello de Ribadumia.

- Esta decisión do BNG de autonomía, está-se notando nos plenos?

Por suposto que si. Hai propostas aprobadas de todos os grupos políticos e tamén outras que non saíron para adiante. Así, coa súa posición, o BNG logrou unanimidade en temas propostos, como por exemplo a modificación do proxecto de ampliación da estrada de Pontearnelas, para dota-la de todos os servizos necesarios polas dúas marxes ou a proposta de protección, feita polo BNG, para a zona do Pazo do Monte.

- Que cousas deben cambiar no Concello?

Primeiramente, o xeito de gobernar: Os veciños deben deixar de ir o concello a pedir favores e ir a reclamar dereitos. Hai que conseguir unha mellor xestión dos fondos propios do Concello, para conseguir aumentar os servizos públicos que se prestan aos veciños e facelo de forma clara para que todo o mundo sepa en que se gastan os cartos de todos. Outra das cuestións fundamentais para o BNG e que debe cambiar é a política de contratación de persoal que está levando a cabo o PP.

...Segue na páxina 2

- Que propoñerá o BNG neste sentido?

O BNG xa propuxo a creación dunha comisión de persoal, integrada por membros de todos os grupos da corporación, e apoiaremos que todas as contratacións sexan públicas para que se poidan presentar todas as persoas que o desexen, elixindo á máis capacitada e non á máis "amiga".

- Que opinas sobre as privatizacións levadas a cabo polo grupo de goberno?

As privatizacións que fixo o concello de Ribadúmia (limpeza, servizo a domicilio, gardería, ...) están perxudicando a economía do Concello ao estar resultando máis caras que se se fixeran eses servizos con empregados públicos. Ademais, a maioría están feitas para favorecer a empresas e persoas achegadas ao grupo de goberno.

- Cara onde se dirixirá o traballo municipal do BNG?

Nós seguiremos presentando iniciativas para os orzamentos do ano que ven destinadas a mellorar os servizos que presta o concello aos cidadáns.

- Consideramos fundamental ampliar a rede de saneamento e alcantarillado no rural.
- Debemos acabar coas privatizacións que van parar a mans dos amigos e conseguir que a contratación de persoal seña pública e igualitaria.
- BNG vai tentar encauzar as propostas veciñais, de asociacións, colectivos, para que se sintan representados na política do concello e a súa voz seña oída nos plenos.

# A CARBALLEIRA DE LEIRO

*Na parroquia de Leiro a igrexa arrendou, en varias fases, unha gran parte dos terreos do iglesario para realizar unha plantación de albariño e, a raíz do aluger, fíxose unha tala dunha parte da carballeira o que provocou a reacción dos veciños da parroquia.*

Despois de varias reunións e xestións, nas que participou o BNG, entre os veciños, Concello, Igrexa e outras administracións, chegamos as seguintes conclusións:

- O particular que realizou a tala ten tódolos permisos en regra.
- Esta tamén claro que a propiedade do terreo é da igrexa que é a que decide o que se fai con él.
- **O Concello tiña esa zona clasificada no Plan xeral de Ordenación Municipal como Suelo Rústico Común, sen ningunha protección específica.**
- Ó non estar protexida, non existe lei que prohiba cambios de cultivo ou corta de carballos, razón pola cal as Consellerías deron os permisos correspondentes.

O BNG considera que a igrexa mostrou unha falta de sensibilidade cara a parroquia de Leiro. Curiosamente mentres "esixe" inversións públicas e donativos para a protección do seu patrimonio arquitectónico non ten ningún tipo de escrúpulo en permitir "a cambio dunhas moedas" a destrución do patrimonio paisaxístico e natural.

Considera tamén o BNG que a Consellería de Medioambiente debe velar pola conservación do bosque autóctono e non funcionar como unha simple oficina de tramitación de permisos de queima e corta.

**Non obstante quedou nidiamente claro que o GRAN ERRO para que poidera pasar o que pasou e que a ZONA NON ESTABA ADECUAMENTE CLASIFICADA E PROTEXIDA POR PARTE DO CONCELLO DE RIBADUMIA. Esta protección debeuse levar a cabo no momento de redacción e aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal fai tres anos.**

Posteriormente o goberno do P.P. promete aos veciños a recuperación da carballeira como zona de interés paisaxístico, e non se molesta en comprobar a súa clasificación para protexela en previsión dunha actuación como a que está a sufrir actualmente. Tamén e culpable o Concello de que non se tramitará antes un acordo coa igrexa para o mantemento da carballeira e uso público da mesma (por exemplo antes de realizar as obras de recheo en terreos da igrexa).

Na actualidade estase tramitando unha modificación puntual do Plan de Ordenación Municipal para protexer a zona de bosque autóctono do iglesario de Leiro.

**O BNG CONSIDERA que se debe continuar coa modificación puntual do P.X.O.M., realizando un plan de usos que contemple a ordenación dos usos permitidos en toda a zona do iglesario de Leiro e, ao mesmo tempo, iniciar negociacións que permitan chegar a un acordo para conseguir o disfrute da carballeira polos veciños.**

## O CONCELLO DE RIBADUMIA APROBA CERTIFICACIÓNS DE OBRA ILEGAIS

*A empresa Obras e Construcións Sisán (OCS), con domicilio social no municipio de O Grove, cobrará 206.010.-23 euros por obras que non se sabe quen lle adxudicou.*



O Bloque Nacionalista Galego leva denunciando hai tempo a política de favoritismo do Concello cara diversas empresas ás que se lle adxudicaban "a dedo" obras. O último caso son a aprobación das certificacións de obra dos Centros parroquiais de Lois e do Couto de Arriba.

O Casa de A Piolla en Couto de Arriba costou un total de 115.000 Euros e o Centro de Lois 189.984,8 Euros. **Estas dúas obras foron realizadas pola empresa OCS, sen que se fixera ningún proceso de adxudicación dos establecidos pola lei.** A pesar de que o BNG solicitou explicacións ao respecto, nunca se contestaron os escritos presentados no Concello polo que chegamos a conclusión de que "nadie" sabe quen contratou, porque se "escolleu" esta empresa, nin onde están os "proxectos" de construción e nin en que Pleno foron aprobados.


Chegado o momento de certificar as obras, os acordos coas Consellerías que as subvencionaban obrigaban o Concello a cumprir os trámites legais normais, que non se cumpriron, existindo o risco de que se perdesen estas subvencións debido a actuación ilegal e fraudulenta do Partido Popular. De feito incluso os servizos técnicos do Concello non puideron avalar esta actuación e informaron de que "na execución destas obras prescindese absoluta e totalmente do procedemento legalmente establecido".

**Ante esta situación o BNG decidiu o seu voto en contra en tanto non se clarexasen as responsabilidades políti-**

**cas por realizar o Concello actuacións ilegais. Tamén solicitamos a dimisión da alcaldesa ou da persoa responsable da actuación no caso de que se perdesen as subvencións concedidas para estas obras.**

Levadas as certificacións o pleno, sairon aprobadas grazas a ausencia dun Concelleiro do Grupo dos Independentes, concelleiro que se incorporou cinco minutos despois de tratar o punto.

**O BNG ten moi claro que nós non íamos a "colaborar" na aprobación deste tema porque estamos seguros de que os veciños non nos votaron para permitir a aprobación de ilegalidades de ningún tipo.**



Reportaxe publicada no Faro de Vigo o 11 de outubro de 2003